



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do xoves día **VINTENOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte formado por ela :

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

- Acta da sesión extraordinaria e urxente de **24 de outubro de 2012** (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 31-10-2012, rex. Saída n^o 2639)
- Acta da sesión extraordinaria de **30 de outubro de 2012** (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 28-11-2012, rex. Saída n^o 2864)
- Acta da sesión ordinaria de **08 de novembro de 2012** (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 28-11-2012, rex. Saída n^o 2864)
- Acta da sesión ordinaria de **15 de novembro de 2012** (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 28-11-2012, rex. Saída n^o 2864)
- Acta da sesión ordinaria de **22 de novembro de 2012** (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 26-11-2012, rex. Saída n^o 2835)

2.- DAR CONTA DECRETOS: ata o 25 de novembro de 2012.

3.- EXPEDIENTES DE URBANISMO.

- **GANDERÍA PONTE, S.C.**
- **CUÑARRO PAMPÍN, JOSÉ RAFAEL.**
- **TAÍN TABOADA JOSÉ**
- **SOMETAL, S.L.U.**
- **ANSEDES LÓPEZ, JAVIER**
- **REY SÁNCHEZ, JOSÉ ANTONIO.**

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

Xunta de Goberno Local de 29 de Novembro de 2012

Páxina 1 de 31

- Acta da sesión extraordinaria e urxente de 24 de outubro de 2012 (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 31-10-2012, rex. Saída nº 2639)
- Acta da sesión extraordinaria de 30 de outubro de 2012 (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 28-11-2012, rex. Saída nº 2864)
- Acta da sesión ordinaria de 08 de novembro de 2012 (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 28-11-2012, rex. Saída nº 2864)
- Acta da sesión ordinaria de 15 de novembro de 2012 (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 28-11-2012, rex. Saída nº 2864)
- Acta da sesión ordinaria de 22 de novembro de 2012 (xa repartida por escrito da secretaria xeral de 26-11-2012, rex. Saída nº 2835)

A Xunta de Goberno Local acorda, por non ter tempo suficiente para examinalas, deixar pendente de aprobación para a seguinte sesión.

2.- DAR CONTA DECRETOS: ata o 25 de novembro de 2012.

A Alcaldesa da conta dos Decretos da Alcaldesa e concelleiros delegados ata a data 25 de novembro de 2012 (incluído).

A Xunta de Goberno Local queda enterada dos Decretos da Alcaldesa e concelleiros delegados ata a data 25 de novembro de 2012 (incluído).

3.- EXPEDIENTES DE URBANISMO.

3.1.- GANDERÍA PONTE, S.C. Ampliación de explotación de gando vacún, no Sino, Ponte (Silleda).

Visto o expediente promovido por Dº David Ferradás Sánchez, e/r, GANDEIRÍA PONTE, S.C., en virtude de instancia de data 20 de outubro de 2011, Rexistro de Entrada nº 4981, de data 17 de novembro de 2011, para ampliación de explotación de gando vacún, no lugar de Sino, parroquia de Ponte (Silleda).

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doportó Framil, de data 21 de xuño de 2012, e informe xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 21 de xuño de 2012.

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 15 de outubro de 2012, (registro de saída da Xunta nº 147432 de data 16/10.12 e registro de entrada no concello nº 5467 de data 18.10.12), que se transcribe:



“EXPEDIENTENº.: IA/147/2012.

Ref.TOV

Visto o expediente sinalado solicitado por GANDEIRIA PONTE S.C, para a actividade de AMPLIACION DE CORTES DE GANDO VACÚN, e ante a imposibilidade de continuar coa súa tramitación, debido as carencias documentais, que seguidamente se relacionan, deberá aportar:

CONCELLO

- Informe razoado do concello sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local a existencia doutras actividades análogas, cumprimento da normativa en materia da contaminación acústica, xestión de RSU's, orixe das augas de consumo e destino das augas residuais....tal como se indica no artigo 9.1 do Decreto 133/2008 de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental.

A devandita documentación, deberá cualificarse polos técnicos municipais competentes, enviándose a este Servizo Provincial de Calidade e Avaliación Ambiental, nun prazo máximo de 90 días naturais; transcorridos estes, procederase ó arquivo das actuacións e devolución do expediente.”

Visto que con data 27 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe razoado ao abeiro do art. 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, segundo o contido do citado informe técnico de 27 de novembro de 2012, por unanimidade dos presentes **acorda informar:**

“

Solicitante	David Ferradás Sánchez, e/r, GANDEIRÍA PONTE, S.C.		
Data da rexistro	17.NOV.2011	Nº 4981	Data escrito 20.OUT.2011
Obra	Ampliación de explotación vacún.		
Tipo de obra	Maior		
Emprazamento	O Sino, ponte, Silleda		
Referencia Catastral	36052G504002640000RX		

<i>Autor do Proxecto</i>	Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola col. 579		
<i>Proxecto</i>	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o 19/10/2011, nº 563/11		
<i>Dirección de Obra</i>	Francisco Pérez Donsión, enxeñeiro técnico agrícola col. 579		
<i>Oficio de Dirección</i>	Visado polo Colexio Oficial o 19/10/2011, nº 563/11		
<i>Dirección de Execución</i>	n/d		
<i>Oficio Direc. Execución</i>			
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>	nº 148	02/08/2012
	<i>DOGA</i>	nº 138	19/07/2012
	<i>Prensa</i>		
<i>Orzamento</i>	104.995,21 €		

1. A xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está sometida a avaliación de incidencia ambiental, posto que se engloba dentro do disposto na D.A. segunda do Decreto 133/ 2008 polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, ao tratarse de "modificación sustancial" definida no artigo 3 do mesmo decreto.

2. Realizada a información pública, con anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 148 de 2 de agosto de 2012), no Diario Oficial de Galicia (nº 138 do 19 de xullo de 2012), no taboleiro de edictos do Concello e con notificación persoal ós veciños inmediatos, constando certificación da Secretaría Xeral do Concello de día 20 de setembro de 2012, conforme non se presentaron reclamacións contra o mesmo.

3. A recollida de residuos sólidos urbanos efectúase polo empresa CELTAPRIX,S.L..

4. A empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga e saneamento é ESPINAY DELFÍN, S.L..

5. O proxecto xustifica a normativa acústica en vigor na data da súa entrada neste Concello no apartado 10 (páxina 69 e seguintes do proxecto técnico).

6. Segundo o proxecto técnico, punto 3.6, páxina 25, a intervención descrita non produce ningún tipo de emisión de gases á atmósfera. Porén, enuméranse no mesmo



punto 3.6 os residuos que se producen na explotación.

Con respecto ao resto dos puntos solicitados no Artigo 9.1 do Decreto 133/2008 (incidencia ambiental no ámbito local, existencia doutras actividades análogas), este Departamento Técnico non conta con persoal competente para dar resposta a eles."

3.2.- CUÑARRO PAMPÍN, JOSÉ RAFAEL. Construcción de explotación avícola de producción cárnica, no monte de Penide, As Brañas, Graba (Silleda).

Visto o expediente promovido por Dº José Rafael Cuñarro Pampín, en virtude de instancia de data 12 de xuño de 2012, Rexistro de Entrada nº 2129, de data 12 de xuño de 2012, para construción de explotación avícola de produción cárnica, no monte de Penide, As Brañas, parroquia de Graba (Silleda).

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doportó Framil, de data 28 de xuño de 2012, e informe xurídico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, de data 28 de xuño de 2012.

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 11 de outubro de 2012, (registro de saída da Xunta nº 147426 de data 16.10.12 e registro de entrada no concello nº 5466 de data 18.10.12), que se transcribe:

"EXPEDIENTE"º.: IA/148/2012.

Ref.TOV

Visto o expediente sinalado solicitado por JOSE RAFAEL CUÑARRO PAMPIN , para a actividade de EXPLOTACION AVICOLA DE PRODUCCION CARNICA, e ante a imposibilidade de continuar coa súa tramitación, debido as carencias documentais, que seguidamente se relacionan, deberá aportar:

CONCELLO

- Informe razoado do concello sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local a existencia doutras actividades análogas, cumprimento da normativa en materia da contaminación acústica, xestión de RSU's, orixe das augas de consumo e destino das augas residuais....tal como se indica no artigo 9.1 do Decreto 133/2008 de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental.

- Aportar licenza de actividade definitiva da explotación de porcino existente na mesma parcela onde se vai situar a explotación avícola que se está a tramitar.


A devandita documentación, deberá cualificarase polos técnicos municipais competentes, enviándose a este Servizo Provincial de Calidade e Avaliación Ambiental, nun prazo máximo de 90 días naturais; transcorridos estes, procederase ó arquivo das actuacións e devolución do expediente.”

Visto que con data 27 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe razoado ao abeiro do art. 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, segundo o contido do citado informe técnico de 27 de novembro de 2012, por unanimidade dos presentes **acorda informar:**

“

<i>Solicitante</i>	<i>José Rafael Cuñarro Pampín</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>12.XUÑ.2012</i>	<i>Nº 2129</i>	<i>Data escrito 12.XUÑ.2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Construcción de explotación avícola de produción cárnica</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>Monte de Penide, As Brañas, Grava</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052A062005750000KH</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Ramón Moreira Mato, Enxeñeiro Técnico Agrícola col. 1666</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico. Visado polo Colexio Oficial</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>Ramón Moreira Mato, Enxeñeiro Técnico Agrícola col. 1666</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>			
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP nº 164</i>	<i>27/08/2012</i>	
	<i>DOGA nº 157</i>	<i>20/08/2012</i>	





Prensa

Orzamento **154.894,07 €**

1. A actividade atópase incluída no Anexo I, Grupo 1, punto 1.1.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, que di:

"1.1.1. "Explotacións avícolas: entre 1.000 e 40.000 prazas de galiñas poñedoras e entre 1.000 e 55.000 prazas de polos".

2. Realizada a información pública, con anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 164 de 27 de agosto de 2012), no Diario Oficial de Galicia (nº 157 do 20 de agosto de 2012), no taboleiro de edictos do Concello e con notificación persoal ós veciños inmediatos, constando certificación da Secretaría Xeral do Concello expedida o día 25 de setembro de 2012, conforme que non se presentaron reclamacións contra o mesmo.

3. A recollida de residuos sólidos urbanos efectúase pola empresa CELTA PRIX, S.L..

4. A empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga e saneamento é ESPINA Y DELFÍN, S.L..

5. O proxecto técnico xustifica a normativa acústica en vigor na data da súa entrada neste Concello, segundo se o punto 6.1 da memoria do proxecto técnico.

6. Visto o Proxecto técnico, no "Anexo Medioambiental", o proxecto descrito emite malos olores e gases como metano (CH₄). Tamén se producen residuos orgánicos procedentes das dexestións dos animais, cadáveres de animais; así como outros residuos de carácter inorgánico como son envases de produtos fitosanitarios, zosanitarios e plásticos.

Con respecto ao resto dos puntos solicitados no Artigo 9.1 do Decreto 133/2008 (incidencia ambiental no ámbito local, existencia doutras actividades análogas), este Departamento Técnico non conta con persoal competente para dar resposta a eles."

3.3.- TAÍN TABOADA JOSÉ. Legalización de actividade para taller de reparación de vehículos, na rúa Campo de Arriba, nº 3, baixo (Silleda).

Visto o expediente promovido por Dº José Taín Taboada, en virtude de instancia de data 15 de abril de 2011, Rexistro de Entrada nº 1641, de data 15 de abril de 2011, para legalización de actividade para taller de reparación de vehículos, na rúa E (actualmente Campo de Arriba), nº 3, baixo (Silleda).

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 21 de marzo de 2012.

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 9 de abril de 2012, (registro de saída da Xunta nº 55909 de data 11.04.12 e registro de entrada no concello nº 1991 de data 13.04.12).

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 14 de setembro de 2012, (registro de saída da Xunta nº 135812 de data 25.09.12 e registro de entrada no concello nº 5077 de data 27.09.12), que se transcribe:

"EXPEDIENTENº.: IA/97/2012.

mavf

Avalidado o expediente IA/97/2012 donde se solicita licenza de actividade de taller de reparación de vehículos no Concello de Silleda, iniciado por José Tain Taboada e ante as carencias / contradicións documentais, que se obervan, informase:

Por parte do CONCELLO emitirase:

a/ informe razoado sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local, que incluíra alomenos os seguintes aspectos:

O cumprimento da normativa en materia de protección contra a contaminación acústica.

Xestión municipal dos residuos sólidos urbanos producidos pola actividade. Información sobre o subministro de augas e vertido das augas residuais á rede de alcantarillado.

Indicación da posible produción de efectos aditivos pola proximidade doutras actividades análogas.

Resultado da información pública practicada mediante anuncio no DOG e no BOP de Pontevedra.

Por parte do PROMOTOR aportarase a seguinte documentación:

a/ Incluirase un plano coa ubicación do separador de hidrocarburos (que recollerá os posibles derrames accidentais provintes das zonas de taller) así como a súa descrición na memoria."

Visto que con data 27 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe razoado ao abeiro do art.



9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, segundo o contido do citado informe técnico de 27 de novembro de 2012, por unanimidade dos presentes **acorda informar:**

“

<i>Solicitante</i>	<i>José taín Taboada</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>15/04/2011</i>	<i>Nº 1641</i>	<i>Data escrito 15/04/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Legalización de actividade para taller de reparación de vehículos</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>Rúa Campo de Arriba (antigamente rúa E), nº 3, baixo</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>2076011NH6227N (parcela) e 2076010NH6227N (parcela)</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Luis Pérez Donsión, Enxeñeiro Industrial, col. 573 de C.O.E.I.G.</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Execución. Visado polo Colexio Oficial o día 12/4/2011, n1 71/2011</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>			
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>			
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP nº 92</i>	<i>14/05/2012</i>	
	<i>DOGA nº 91</i>	<i>14/05/2012</i>	
	<i>Prensa</i>		
<i>Orzamento</i>	<i>13.549,62 €</i>		

INFORME (Ao abeiro do art. 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental):

1. A actividade atópase incluída no Anexo I, Grupo 1, punto 1.13.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, que se transcribe:

"1.13.1. Talleres de reparación de vehículos e maquinaria cando a súa superficie útil sexa superior a 1.000 m² ou a súa potencia mecánica instalada sexa superior a 250 kW."

1. En consulta elevada ante a Consellería Competente en materia de Medio Ambiente, remitida con r.s. 759 de 27.MAR.2012, sobre a procedencia ou non de ser obxecto de Avaliación de Incidencia Ambiental, esta responde (r.s. 55909 de 11.ABR.2012, r.e. Concello de Silleda nº 199 de 13.ABR.2012) que esta actividade si estaría sometida a avaliación.

2. Realizada a información pública, con anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 92 de 14/05/2012), no Diario Oficial de Galicia (nº 91 de 14/05/2012), no taboleiro de edictos do Concello e con notificación persoal aos veciños inmediatos, constando certificación da Secretaría Xeral do Concello de día 14 de xuño de 2012 de que non se presentaron reclamacións contra o mesmo.

3. A recollida de residuos sólidos urbáns efectúase pola empresa CELTA PRIX, S.L..

4. A empresa concesionaria dos servizos de abastecemento de auga e saneamento é ESPINA Y DELFÍN, S.L..

5. O proxecto técnico xustifica a normativa acústica en vigor na data da súa entrada neste Concello, según se xustifica na páxina 33 do Anexo 4, apartado 7, do proxecto técnico.

6. Segundo consta no proxecto técnico, páxinas 9 e 10, a actividade está inscrita no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, có número de inscrición P-P/105/2001. Os residuos xerados pola instalación enumerados no proxecto son os seguintes:

TIPO RESÍDUO	CANTIDADE	CÓDIGO CER
Aceite usado	3200 Kg/ ano	130203 (Q7//R1//L8//H14//A841//B0005)
Baterías	25 Kg/ ano	160602 (W6//R477S37//C18//H14//A841//B0005)
Filtros usados	720 Kg/ ano	130203 (Q9//D15//S35//C51//H5//A841//B0005)

Con respecto ao resto dos puntos solicitados no Artigo 9.1 do Decreto 133/2008 (incidencia ambiental no ámbito local, existencia doutras actividades análogas), este Departamento Técnico non conta con persoal competente para dar resposta a eles."



3.4.- SOMETAL, S.L.U. Construcción de nave industrial para almacén de elementos de caldeiraría pesada, na parcela 2BC, mazá 10, do parque empresarial Área-33 (Silleda).

Visto o expediente promovido por Dº Juan Otero Lorenzo, en representación de SOMETAL S.L.U., en virtude de instancia de data 20 de xuño de 2011, Rexistro de Entrada nº 2628, de data 21 de xuño de 2011, para Construcción de nave industrial para almacén de elementos de caldeiraría pesada, na parcela 2BC, mazá 10, do parque empresarial Área-33 (Silleda).

Visto o informe técnico do Arquitecto Asesor do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 04 de xaneiro de 2012.

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 26 de xaneiro de 2012, (rexistro de saída da Xunta nº 15047 de data 02.02.12 e rexistro de entrada no concello nº 527 de data 06.02.12).

Visto o escrito do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 17 de setembro de 2012, (rexistro de saída da Xunta nº 131639 de data 18.09.12 e rexistro de entrada no concello nº 5078 de data 27.09.12), que se transcribe:

“EXPEDIENTE Nº: IA/099/2012

Ref.: AFC

Visto o expediente que se cita, solicitado por SOLMETAL, S. L. U. para a actividade de nave industrial para almacén de elementos de caldeiraría pesada, ante as carencias/contradicións documentais que se atoparon e para podermos emitir o ditame de incidencia ambiental:

O CONCELLO presentará:

1 o acordo de informe favorable á concesión de licenza municipal adoptado pola xunta de goberno local.

2 o preceptivo informe razoado sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local, segundo o indicado no artigo 9 do Decreto 133/2008, de incidencia ambiental.

A documentación solicitada remitirase a este Servizo Provincial de Calidade e Avaliación Ambiental, nun prazo máximo de 90 días naturais; transcorridos estes, procederase ao arquivo das actuacións e devolución do expediente.”

Visto que con data 28 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe razoado ao abeiro do art.

9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, segundo o contido do citado informe técnico de 28 de novembro de 2012, por unanimidade dos presentes **acorda informar:**

“

<i>Solicitante</i>	<i>Dº Juan Otero Lorenzo, en representación de SOMETAL S.L.U.</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>21/06/2011</i>	<i>Nº 2628</i>	<i>Data escrito 20/06/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Nave industrial para almacén de elementos de caldeirería pesada</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>Parcela 2BC, mazá 10, do Parque Empresarial Área 33 de Silleda</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>n/d</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Francisco Javier Canabal Fiestras, enxeñeiro técnico industrial, col. 3633</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o 15/6/2011, nº 21101761</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>Francisco Javier Canabal Fiestras, enxeñeiro técnico industrial, col. 3633</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial o 17/6/2011, nº 21101797</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>Francisco Javier Canabal Fiestras, colexiado nº 3633</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial o 17/6/2011, nº 21101797</i>		
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP nº 64</i>	<i>30/03/2012</i>	
	<i>DOGA nº 69</i>	<i>11/04/2012</i>	
	<i>Prensa</i>		
<i>Orzamento</i>	<i>278.264,95 €</i>		



1. O Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, non menciona o almacenamento de caldeirería pesada no Anexo III "Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental", Neste caso, segundo o artigo 2 "(...) estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas insalubres, nocivas e penosas. consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro. de protección ambiental de Galicia'

2. En consulta elevada ante a Consellería Competente en materia de Medio Ambiente, remitida con r.s. 63 de 11.XAN.2012, sobre a procedencia ou non de ser obxecto de Avaliación de Incidencia Ambiental, esta Consellería responde (r.s. 15047 de 02.FEB.2012, r.e. Concello de Silleda nº 527 de 06.FEB.2012) que esta actividade si estaría sometida a avaliación.

3. Realizada a información pública, con anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (nº 64 de 30 de marzo de 2012), no Diario Oficial de Galicia (nº 69 do 11 de abril de 2012), no taboleiro de edictos do Concello e con notificación persoal ós veciños inmediatos, constando certificación da Secretaría Xeral do Concello de día 14 de xuño de 2012, conforme non se presentaron reclamacións contra o rnesrno.

4. A recollida de residuos sólidos urbanos efectúase polo empresa CELTAPRIX, S.L.

5. A empresa concesionario dos servizos de abastecemento de auga e saneamento é ESPINAY DELFÍN, S.L.

6. O proxecto técnico xustifica a normativa acústica en vigor na data da súa entrada neste Concello, según se xustifica no punto 7 do proxecto técnico.

7. Visto o Proxecto técnico, anexo 14, punto 3, o proxecto descrito non produce ningún tipo de emisión de gases á atmósfera. porén, tabúlanse os seguintes residuos:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN DO RESIDUO	PRODUCCIÓN ANUAL
08.03.17	Residuos de tóner de impresión que contienen sustancias peligrosas	12 Kg/ano
16.06.02	Acumuladores de Ni- Cd	1 Kg/ano
20.01.21	Tubos fluorescentes e outros residuos que conteñen mercurio	1 Kg/ano

Con respecto ao resto dos puntos solicitados no Artigo 9.1 do Decreto 133/2008 (incidencia ambiental no ámbito local, existencia doutras actividades análogas), este Departamento Técnico non conta con persoal competente para dar resposta a eles."

3.5.- ANSEDES LÓPEZ, JAVIER. Vivenda unifamiliar, alpendre e cociña-comedor, situados na Peroxa, nº 10, Lamela (Silleda).

Visto o expediente promovido por Dº Javier Ansedes López, en virtude de instancia de data 21 de novembro de 2012, Rexistro de Entrada nº 6127, de data 21 de novembro de 2012, solicitando certificación municipal de non ter aberto expediente de reposición da legalidade urbanística, correspondente a súa vivenda sita no lugar de A Peroxa, nº 12, parroquia de Lamela (Silleda).

Visto que con data 27 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, segundo o contido do citado informe técnico, por unanimidade dos presentes **acorda**:

“

<i>Solicitante</i>	<i>Javier Ansedes López</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>21.NOV.2012</i>	<i>Nº 6127</i>	<i>Data escrito 21.NOV.2012</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Lamela, nº 10, A Peroxa</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>35052D507007820000XA (parcela)</i>		

No que literalmente consta:

EXPÓN: *Adxunto plano, memoria, certificación de antigüidade e consulta gráfica catastral de vivenda da miña propiedade no domicilio arriba indicado (A Peroxa, 12, Lamela, Silleda)*

SOLICITA: *Certificación municipal de non ter aberto expediente de reposición da legalidade urbanística.*

Visto o escrito de solicitude, e a totalidade da documentación que se xunta coa mesma, efectuada búsqueda no Departamento Técnico de Urbanismo a nome de Don Javier Ansedes López, INFORMO o seguinte:

1. Non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, cós medios á disposición, que exista na Oficina Técnica deste Concello expediente de reposición da legalidade algún a nome do titular, Javier Ansedes López, sobre unha edificación destinada a vivenda, edificación destinada a alpendre e edificación destinada a cociña-comedor, situada en Lamela, nº 10, A Peroxa - Silleda, con referencia Catastral nº 36052D507007820000XA (parcela). Porén, cómpre indicar que cós medios a disposición, só é posible efectuar a búsqueda por nome da persoa obxecto do posible



expediente, sen poder efectuar a búsqueda por referencia catastral ou por polígono e parcela do inmovible obxecto do expediente. Por tanto, non se pode verificar que poida ou non haber expediente aberto para ese ben inmovible a nome de outra persoa.

2. Segundo consta na documentación aportada e no certificado de antigüidade visado polo Colexio Oficial correspondente, asinado polo técnico Ramón Louzao Pérez, arquitecto técnico col. nº 353 do C.O.A.A.T. A Coruña, o día 30 de outubro de 2012, a edificación de R.C. 36052D507007820000XA (parcela) tén unha antigüidade de 10 (dez) anos.

3. Porén, e en atención á documentación presentada polo solicitante, notificase que a edificación atópase sometida ó réxime descrito no artigo 210 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural en Galicia, para as obras terminadas sen licencia, e en concreto no punto nº 2 que determina que transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán incursas na situación de fóra de ordenación e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º desta lei.

Notifícanse as anteriores limitacións para a súa constancia ante o Rexistro da Propiedade."

3.6.- REY SÁNCHEZ, JOSÉ ANTONIO. Licencia definitiva de actividade para apertura de local para dedicalo a café-bar no baixo do edificio situado na rúa Antón Alonso Ríos, nº 26 (Silleda).

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Licencia Nº 5368/10. Visto o expediente instruído a instancia de Dº JOSÉ ANTONIO REY SÁNCHEZ, solicitando licencia para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa Antón Alonso Ríos, 26 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 28 de xullo de 2011 **acorda:**

"3.2.2.- Licencia Nº 5368/10. Visto o expediente instruído a instancia de Dº José Antonio Rey Sánchez, solicitando licencia para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa Antón Alonso Ríos, 26 baixo (Silleda), segundo proxecto técnico asinado polo Arquitecto técnico Dº Oscar Botana Pérez, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra en data 23 de marzo de 2011 e dirección

de obra do arquitecto redactor do proxecto visada polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra en data 06 de abril de 2011.

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta.

RESULTANDO: Que con data 27 de xullo de 2011 emitese informe xurídico e que con data 15 de xuño de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico e o Arquitecto Técnico Municipal emitese informe no que se sinala:

“1. Segundo o especificado no Decreto 133/2008 do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, dedúcese que se trata de unha actividade excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, xa que a actividade para a que se solicita licenza encadra, a xuízo dos técnicos que suscriben, no apartado 4.1 do Anexo III do citado Decreto (Actividades de ocio e entretemento e de restauración previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, do 18 de novembro).

2. O emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, segundo se aprecia do seu emprazamento no plano incluído na documentación técnica.

3. O solo onde se pretende a actividade, segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do solo: SOLO URBANO.*
- Calificación do solo: RESIDENCIAL.*
- Ordenanza de aplicación: Sección 1ª, ordenanza E.C.: EDIFICACIÓN CERRADA*

4. O uso que se pretende, é compatible con este tipo de solo, segundo o especificado no artigo 18 “Normas de uso” do P.X.O.M. de Silleda.

5.- Consta asemade, estudio básico de seguridade e saúde suscrito polo arquitecto técnico Dº Oscar Botana Pérez, e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra (Delegación de Pontevedra) en data 23-marzo-2011.

5. En relación ó cumprimento da normativa de accesibilidade vixente, o proxecto técnico presentado contén xustificación do cumprimento do R.D. 35/2000 do 28 de xaneiro (Regulamento de desenvolvemento da lei 8/1997 do 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia).



Polo que tendo en conta todo o especificado anteriormente, os técnicos que suscriben consideran que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal de aplicación, polo que se informe favorablemente a solicitude, condicionado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) Que a ubicación sexa a sinalada no proxecto."*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

*De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico e o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a **licencia definitiva de actividade**, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 27 de novembro de 2012, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, José Antonio Rey Sánchez, que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: *"Apertura de local para dedicalo a café-bar no baixo do edificio situado na rúa Antón Alonso Ríos, nº 26 (Silleda)"*

Certificación Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do arquitecto técnico e director da execución da obra, Don Oscar Botana Pérez, de data 04-12-11, visado polo Colexio Oficial de Aparejadores, Arquitectos Técnicos e Ingenieros de Edificación de Pontevedra o día 2 de Xaneiro de 2012, e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:

Data: 16-Febrero-20 12.

Núm. de rexistro: 735.

Titular da actividade: Don JOSÉ ANTONIO REY SÁNCHEZ

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 12:00 horas do día 27 de novembro do ano 2012, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, atopándose na rúa Antón Alonso Ríos, nº 26 (Silleda), en presenza de Don José Antonio Rey Sánchez, con D.N.I. 76.793.097-F, e efectua a visita de comprobación demandada polo interesado en data 16-febreiro-2012 e referida á licenza municipal nº 5368/10 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 28-xullo-2011.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS con data 01-12-11, CERTIFICADO DE CUMPLIMENTO DO ILLAMENTO O RUIDO AEREO, con data 03-10-11, E INFORME DE MEDICIÓNS ACÚSTICAS, con data 03-10-11.

A continuación examínase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licenza e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Apertura de local para dedicalo a café-bar no baixo do edificio situado na rúa Antón Alonso Ríos, nº 26 (Silleda)"

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de xullo de 2011 acorda: a concesión de licenza de actividade definitiva a JOSÉ ANTONIO REY SÁNCHEZ, para Apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa Antón Alonso Ríos, 26 baixo (Silleda).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

- 1.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRA E PROVISIONAL DE ACTIVIDADE, PRESENTADA A INSTANCIA DE Dº JESÚS SÁNCHEZ GARCÍA PARA ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA NO LUGAR DE**



SENRA, Nº 27, PARROQUIA DE ESCUADRO.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de Dº JESÚS SÁNCHEZ GARCÍA, mediante escrito de data 31 de maio de 2012 (Rexistro de Entrada nº 2962 de data 31.05.12).

RESULTANDO: Que con data 28 de novembro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 28 de novembro de 2012, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 28 de novembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítense informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>Jesús Sánchez García</i>
<i>Data da rexistro</i>	<i>31.MAI.2012 Nº 2962</i> <i>Data escrito 31.MAI.2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Almacén de maquinaria agrícola,</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Actividade</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Lugar da Senra, nº 27, Escuadro</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052A039000044444KE</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto col. 2564</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)</i>
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>
<i>Oficio Direc. Execución</i>	
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>

Orzamento (P.E.M.) 42.942,18 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 15 *Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia*
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
 - 16.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
 - 16.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991*
 - 16.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995*
 - 16.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002*
 - 16.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002*
 - 16.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981*



16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por Jesús Sánchez García, presentada con R.E. 2962 de 31.MAI.2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto col. 2564.

2. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**.

4. Segundo a disposición Transitoria terceira da Lei 2/2010,
"Disposición transitoria terceira. -Edificacións sen licenza.

Sen prexuízo do disposto no artigo 213º.1 desta lei, as edificacións e construcións realizadas sen licenza ou sen a autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorrese o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental, quedarán incorporadas ao patrimonio do seu titular e suxeitas ao réxime previsto no artigo 103º.2 dela, coa particularidade de que as obras de mera conservación só poderán autorizarse cando se acredite a preexistencia dun uso continuado.

Para eses efectos, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei de modificación, o propietario ou a propietaria deberá de solicitar do concello correspondente a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, para o que achegará anexo que defina, como mínimo, a situación da edificación sobre o planeamento vixente, parcela, uso, superficie construída, número de plantas

e volume, así como certificación técnica de solidez e seguridade.

Cando a edificación estea localizada en solo rústico de protección de costas, de augas ou de espazos naturais, segundo esta lei, será necesario obter o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo."

5. A este respecto, o promotor presentou solicitude asinada o día 30 de decembro de 2011 (r.e. 5705 de 30 de decembro) para a inscrición do rexistro de fóra de ordenación, que foi concedida en xunta de goberno local do día 27 de xullo de 2012.

6. De acordo có establecido na Instrución 2/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza, sen prexuízo de que a mesma Instrución "(...) ten a natureza de instrución ou orde de servizo ditada ao abeiro do disposto polo artigo 26.3.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector autonómico de Galicia (DOG n.º 251, do 31 de decembro) polo que só é de obrigado cumprimento para os órganos e unidades administrativas deste departamento. Circunscríbese, en exclusiva, ao ámbito das súas competencias e ten por obxecto coordinar a actuación en materia de urbanismo dos órganos e unidades administrativas integradas nel, sen prexuízo das competencias que corresponda exercer a outros departamentos, organismos públicos ou á Administración municipal".

7. Segundo a mesma Instrución, no punto 2.4: "O recoñecemento municipal de incursión nas circunstancias establecidas nesta disposición transitoria terceira habilitará, se é o caso, para a tramitación ante o Servizo Provincial de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da solicitude de cualificación ambiental da actividade que se acreditase desenvolver desde xaneiro de 2003, no ámbito do disposto polo Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental (DOG n.º 126, do 1 de xullo)." neste paso e a este fin, é polo que se propón solicitar do mencionado Servizo a cualificación ambiental da actividade. De resultar inocua, sería procedente a tramitación da declaración responsable aportada (r.e. Nº 3012 de 01.XUÑ.2012).

8. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria (páxina 6), é o seguinte:
"Taller de reparación Mecánica Agrícola."

9. O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

10. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.



11. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

13. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, propónse **dar traslado, previos os trámites pertinentes, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licenza municipal:**

13.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

13.2 Delegación Provincial do Ministerio de Fomento. (Proximidade coa N-525)

14. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de recabar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 13 deste informe técnico.”

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental e a Delegación Provincial do Ministerio de Fomento. (Proximidade coa N-525)

2.- OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA NO LUGAR DE BARRAL, PARROQUIA DE CORTEGADA (SILLEDA).

Visto o informe da Policía Local N/Ref. 184/12, de data 01 de maio de 2012,

que literalmente dí:

"N/Ref.: informe 184/12

Asunto: SOBRE POSIBLE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA EN CORTEGADA

Cumprindo ordes desta Xefatura, xirase visita de inspección, polos axentes desta Policía Local con número de identificación profesional 265003 y 265007, no lugar de Barral, parroquia de Cortegada, y más concretamente na paraxe denominada A Pena, a fin de informar sobre una posible ocupación de vía pública, comprobando que:

- No borde da parte afirmada da pista do citado paraxe, e nas proximidades do inmovible nº 14, encóntrase un montón de pedras situadas a uns 50 cm. do asfalto.*
- A autora de dito amontonamento de pedras é DÑA. AMERICA OLGA LOPEZ DIEGUEZ, con DNI 76.798.443 e con domicilio en Barral nº 14, Cortegada (Silleda).*
- Por parte de la forza actuante compróbase que non se interrompe a vía nin se dificulta o paso pola mesma, sin embargo non se pode precisar con exactitude si se produce ou non ocupación da vía pública, cuestión que deberá ser valorada polo departamento técnico deste Axuntamiento.*
- Existe un informe do ano 2008 con ref. 45/08 no cual se pode comprobar que o montón de pedras encontrase no mesmo lugar, con diferencia de que o día de hoxe o muro encóntrase rematado.*

Axuntase informe fotográfico e informe 45/08"

Visto que, con data 04 de maio de 2012 mediante providencia da Alcaldía ordénase ó departamento de urbanismo a realización dun informe no que se indique se se produce ou non ocupación de vía pública.

Visto que, con data 08 de maio de 2012, rexistro de saída nº 1165, de data 08.05.12, pola Alcaldía remítese escrito ó Servizo de Infraestructuras e Estructuras Agrarias da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, solicitando información en relación cunha porción de terreo "Ancho do vial que dá fronte á parcela 361", polo que remítese copia do plano da Concentración Parcelaria Polígono 4, Parcela 361, do plano de concentración parcelaria de Cortegada.

Visto que, pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, remítese escrito de data 16 de maio de 2012 (Rexistro de Saída da Xunta nº 76485, de data 18 de maio de 2012 e Rexistro de Entrada no Concello nº 2708, de data 22 de maio de 2012) asinado polo xefe do servizo de Infraestructuras Agrarias, Julian



Alvira Siero, achegando plano acotado cos datos solicitados, no que se indica un ancho total de 7 metros para o vial fronte a parcela 361.

Visto que, con data 04 de setembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico no que se sinala:

"En resposta ao requirimento da Alcaldía do Concello de Silleda, de día 4 de Maio de 2012, relativo ás obras efectuadas no lugar de Borrol. Parroquia de Cortegada, do que consta informe da Policía Local Ref, nº 184/12, polo que se solicita, por parte dos servizos técnicos de Urbanismo, que se pronuncien sobre o seguinte:

"A realización dun informe no que se indique se se produce ou non ocupación de vía pública"

ANTECEDENTES:

1 O solo onde se están executando as obras está clasificado no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, coas modificacións que supuxo a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) na súa disposición transitoria primeira, para o planeamento non adaptado, como solo rústico.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, redáctase o seguinte:

INFORMETÉCNICO:

2 Existe un amoreamento de pedras a aproximadamente 50 cm do asfalto dun vial que, segundo informe de Estructuras Agrarias, debería ter 7 m de ancho.

3 Consta no expediente informe do ano 2008 con ref. 45/08 ande se pode comprobar que o acúmulo de pedras atopábase no mesmo lugar, e estábanse levando a cabo obras de reconstrución do muro, coa diferenza de que o día de hoxe o muro atópase rematado.

4 Consultado o arquivo municipal, consta concesión de licenza municipal de obra menor para a reconstrución de muro de pedra, de día 9 de novembro de 2008. Por tanto, e dado que as obras de reconstrución de muro que se solicitaban encóntranse rematadas, propónse ordear a retirada do acopio de materiais empregados para a obra, dado ademais que o prazo de inicio e remate das mesmas que establece a LOUGA xa está rematado."

Visto que con data 30 de outubro de 2012 a Policía Local emite informe N/Ref. 410/12, que literalmente di:

"N/Ref.: Informe 410/12"

Asunto: COMPROBACION DE POSIBLE OCUPACIÓN DE VIA PUBLICA.

Dando cumprimento ao ordeado na Providencia da Alcaldía de 26 de outubro de 2012, personanse os Axentes con TIP 265004 e 265008 no lugar de Barral, na parroquia de Cortegada, a efectos de facer as comprobacións oportunas sobre a retirada dun montón de pedras, informase que:

- *Que nas inmediacións do inmovible nº 14 atoparse un amontoamento de pedras.*
- *Que a propietaria do inmovible nº 14 resulta ser dona América Olga López Diéguez, con D.N.I.: 76.798.443 e con domicilio en Barral nº 14, Cortegada, Silleda,*
- *O AMONTOAMENTO DE PEDRAS NON FOI RETIRADO, segue situado no mesmo lugar.*

Achégase informe fotográfico."

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Requerir a D^a América Olga López Diéguez a retirada da pedra, no prazo de 10 días hábiles, segundo o contido dos informes obrantes no expediente e constan no expediente e neste acordo.

- 3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: CONTRATO ADMINISTRATIVO SUMINISTRO (ADQUISICIÓN EN PROPIEDAD) "SUMINISTRO PARA TRAÍDA DE AGUAS DE SAN TIRSO, QUINTELA, ANDAMOLLO Y VILAVERDE (PARROQUIA DE MANDUAS). PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. Criterio de valoración e adxudicación: precio.**

APERTURA DE PROPOSICIÓN: SOBRE A (E DE SER O CASO, SOBRE B e clasificación de ofertas).

Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04- 07-2011), por unanimidade dos presentes, **acorda:**

CONTRATO ADMINISTRATIVO SUMINISTRO (ADQUISICION EN PROPIEDAD) "SUMINISTRO PARA TRAÍDA DE AGUAS DE SAN TIRSO, QUINTELA, ANDAMOLLO Y VILAVERDE (PARROQUIA DE MANDUAS). PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. Criterio de valoración e adxudicación: precio.



Visto o expediente administrativo relativo ó Fondo de Compensación Ambiental. Subvención en réximen de concurrencia competitiva a entidades locais, ó abeiro da Orde de 4 de maio de 2012 pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvencións de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida da liña en concurrencia non competitiva e da liña en concurrencia competitiva destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia do Fondo de Compensación Ambiental, modificada por Orde de 28 de agosto de 2012 (DOG 8 de maio e 3 de setembro de 2012 respectivamente), subvención concedida por Resolución de 06 de setembro de 2012 do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia (importe total: 37.043,30 euros; importe total subvención: 29.634,64 euros

Visto o expediente tramitado para o contrato administrativo de suministro: "Suministro (adquisición en propiedade) "Suministro para traída de augas de San Tirso, Quintela, Andamollo y Vilaverde (parroquia de Manduas). Regulación no armonizada.
Precio de licitación: valor estimado: 25.899,59 euros; IVA 21%: 5.438,91 euros.
Presupuesto total / precio de licitación 31.338,50 euros (IVA 21% incl).

Consta no expediente:

- **Por Decreto da Alcaldesa de 09 de outubro de 2012 se iniciou o expediente de contratación deste contrato administrativo de suministro, por procedemento negociado sen publicidade.**

- Constan informes xurídicos da secretaria xeral do concello referidos ó contrato administrativo de suministro : "Suministro (adquisición en propiedade) "Suministro para traída de augas de San Tirso, Quintela, Andamollo y Vilaverde (parroquia de Manduas): informe de data 09 de outubro de 2012 (rex entr 09-10-2012, nº 5297), informe de data 22 de outubro de 2012 (rex entr 22-10-2012, nº 5529), informe de data 12 de novembro de 2012 (rex ent 12-09-12, nº 5914).

- Consta certificado de existencia de crédito na partida 161/629 no orzamento de 2012 por importe de 31.338,50 euros, emitido pola interventora municipal, de data 25 de outubro de 2012; consta documento de retención de crédito por importe de 31.338,50 euros.

- Consta informe da interventora do concello de data 25 de outubro de 2012 "Asunto: Aprobación do pliego de cláusulas administrativas do contrato de suministro de material para a traída de augas de San Tirso, Quintela, Andamollo e Vilaverde (parroquia de Manduas).

- O prego de cláusulas administrativas particulares:"Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexir a contratación administrativa, mediante

procedemento negociado sen publicidade, do suministro "Suministro para traída de augas de San Tirso, Quintela, Andamollo e Villaverde (parroquia de Manduas). Regulación non armonizada", de data 22 de outubro de 2012.

- O prego de prescricións técnicas: "Prego de cláusulas técnicas suministro para traída de augas de San Tirso, Quintela Andamollo e Villaverde (parroquia e Manduas)" de data 09 de outubro de 2012, asinado polo arquitecto asesor do concello Lino Doportó Framil.

- Informe técnico emitido por José Pereiras Sánchez, arquitecto técnico (coleg nº 210), a requerimento do Concello de Silleda, de data 29 de outubro de 2012.

Consta a proposta de data 08 de novembro de 2012 do primeiro tenente de Alcalde Manuel Cuiña á Xunta de Goberno Local de 08 de novembro de 2012, que se transcribe :

"Contrato administrativo de subministro para as partidas referidas na memoria valorada do expediente como abastecemento por importe de 25.899,59 máis IVE (Abastecemento de auga aos núcleos de San Tirso, Quintela, Andamollo e Villaverde da parroquia de Manduas)

-Visto o informe de Secretaria de data 22 de outubro de 2012 referente a este expediente

-Visto o informe do arquitecto técnico José Pereiras Sánchez, mediante o que se subsanan os defectos advertidos pala Secretaria Xeral na tramitación do expediente

-Vistos os pregos de cláusulas administrativas e técnicas obrantes no expediente

-Visto o infome de Intervención de data 25/10/2012.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTEs ACORDOS:

PRIMEIRO.-*Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato administrativo de subministro para as partidas referidas na memoria valorada do expediente como abastecemento por importe de 25.899,59 máis IVE (Abastecemento de auga aos núcleos de San Tirso, Quintela, Andamollo e Villaverde da parroquia de Manduas)*

SEGUNDO.-*Autorizar, en contía de 31.338,50 euros (25.899,59+ 5.438,91 euros), o gasto que para este Concello representa a contratación do subministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 161.629.01, do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2012.*



TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas como mínimo a tres empresas."

Visto o expediente tramitado, a Xunta de goberno Local, por delegación da Alcaldesa (decreto 04-07-2011), segundo o texto da proposta de acordo do primeiro tenente de Alcalde de 08-11-2012, en sesión de 08 de novembro de 2012 acordou:
(...)

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato administrativo de subministro para as partidas referidas na memoria valorada do expediente como abastecemento por importe de 25.899,59 máis IVE (Abastecemento de auga aos núcleos de San Tirso, Quintela, Andamollo e Villaverde da parroquia de Manduas)

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 31.338,50 euros (25.899,59+5.438,91 euros), o gasto que para este Concello representa a contratación do subministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á partida 161.629.01, do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2012.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO.- Solicitar ofertas como mínimo a tres empresas.

ANEXOS :

- O prego de cláusulas administrativas particulares: "Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexir a contratación administrativa, mediante procedemento negociado sen publicidade, do suministro "Suministro para traída de augas de San Tirso, Quintela, Andamollo e Vilaverde (parroquia de Manduas). Regulación non armonizada", de data 22 de outubro de 2012.

- O prego de prescricións técnicas: "Prego de cláusulas técnicas suministro para traída de augas de San Tirso, Quintela Andamollo e Villaverde (parroquia e Manduas)" de data 09 de outubro de 2012, asinado polo arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil.

TRANSCRÍBENSE : (.....). "

Posteriormente , por **Decreto da Alcaldesa por Decreto de data 23 novembro de 2012**, visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 08 de novembro de 2012, a Alcaldesa **resolve invitar á licitación de este contrato a:**

- 1- CLIMADEZA INSTALACIONES S.L.
- 2- DEINZA INSTALACIONES S.L.
- 3- FERRADÁS ROZAS, S.L.
- 4- INSTALACIONES DEZA S.L.U.
- 5- BLANCO S.C.

Xunta de Goberno Local de 29 de Novembro de 2012

Páxina 29 de 31

6- TERMODEZA S.L.

Establécese un prazo de presentación de ofertas é de cinco días naturais contado dende o día seguinte ó que a empresa reciba a invitación individual, segundo se recolle no pliego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08 de novembro de 2012.

Efectúanse as seguintes invitacións , por escritos da Alcaldesa de data 23 de novembro de 2012 a cada unha das empresas:

- 1- CLIMADEZA INSTALACIONES S.L (rex saída 23-11-2012, nº 2813). Recibida o 23 -11-2012
- 2- DEINZA INSTALACIONES S.L. (rex saída 23-11-2012, nº 2814). Recibida o 23 -11-2012
- 3- FERRADÁS ROZAS, S.L. (rex saída 23-11-2012, nº 2815). Recibida o 23 -11-2012
- 4- INSTALACIONES DEZA S.L.U. (rex saída 23-11-2012, nº 2816). Recibida o 23 -11-2012
- 5- BLANCO S.C. (rex saída 23-11-2012, nº 2817). Recibida o 23 -11-2012
- 6- TERMODEZA S.L. (rex saída 23-11-2012, nº 2818). Recibida o 23 -11-2012.

Presentaron oferta estas empresas:

- 1.-CLIMADEZA INSTALACIONES S.L (rex entr 27-11-2012, nº 6233).
- 2.- BLANCO S.C. (rex entr 28-11-2012, nº 6273).

A Xunta de Goberno Local, visto o expediente tramitado e a documentación obrante no mesmo, de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001,12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas , aí como a disposición adicional segunda do RDLex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, por unanimidade dos presentes, por delegación da Alcaldesa (Decreto de 04-07-2011) na presente sesión acorda:

Proceder nesta sesión á apertura dos sobres A "Documentación xeral" das dúas empresas que se presentaron á licitación, con este resultado:

- 1.-CLIMADEZA INSTALACIONES S.L (rex entr 27-11-2012, nº 6233).
Examinada a documentación presentada, informado neste sentido verbalmente na propia sesión pola interventora e a secretaria do concello, resulta que debe subsanar a documentación presentada para acreditar a solvencia técnica segundo se esixía na cláusula 11, f) do Pliego de cláusulas administrativas (art. 77,1º e) do RDLex 3/2011 TRLCSP : Mostras, descripciones e fotografías dos produtos a suministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante),



de forma que se poida apreciar con claridade.

2.- BLANCO S.C. (rex entr 28-11-2012, nº 6273).

Examinada a documentación presentada, informado neste sentido verbalmente na propia sesión pola interventora e a secretaria do concello, resulta que está incurso en prohibición de contratar: art. 80, 1º f) do RDLex 3/2011, TRLCSP, por estar incurso en el supuesto da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servicio das Administracións públicas (fontanero municipal).

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- **Inadmitir á licitación a BLANCO S.C.** (rex entr 28-11-2012, nº 6273):

Examinada a documentación presentada, resulta que está incurso en prohibición de contratar: art. 80, 1º f) do RDLex 3/2011, TRLCSP, por estar incurso en el supuesto da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servicio das Administracións públicas (fontanero municipal).

2.- **Requerir a CLIMADEZA INSTALACIONES S.L** (rex entr 27-11-2012, nº 6233), para que proceda a subsana, mediante aclaración complementaria, a documentación presentada para acreditar a solvencia técnica segundo se esixía na cláusula 11, f) do Pliego de cláusulas administrativas (art. 77,1º e) do RDLex 3/2011 TRLCSP: Mostras, descripciones e fotografías dos produtos a suministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante).

Concédesese este prazo: a documentación requirida para subsana debe presentarse no rexistro do concello ata as once horas do día seguinte venres 30 de novembro de 2012, (artigo 81 do RD 1098/2001, RCAP), avisando á empresa telefónicamente para maior celeridade.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 29 de novembro de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

